

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DESTINADA A CUBRIR NECESIDADES DE PERSOAL DOCENTE NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS E PROGRAMAS DE EMPREGO E FORMACIÓN (OBRADOIROS DE EMPREGO E PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS).

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego destinada á cobertura temporal de postos de traballo como persoal funcionario interino ou persoal laboral da Mancomunidade de Vigo dentro dos programas de emprego e formación (obradoiros de emprego, programas de emprego para persoas mozas) que se leven a cabo ao abeiro das distintas convocatorias de axudas da Xunta de Galicia. A bolsa de emprego terá carácter único, podendo ser utilizada para ambas modalidades de provisión, determinándose en cada caso o réxime aplicable segundo a natureza do posto, a normativa vixente e as condicións de financiamento do programa.

A finalidade desta convocatoria é seleccionar as persoas que integrarán a bolsa de emprego e confeccionar as listas de nomeamento/contratación que poderán ser utilizada para a cobertura de necesidades temporais dos seguintes postos/categorías:

- Experto/a docente en deseño gráfico.
- Experto/a docente en desenvolvemento local.

O nomeamento/contratación das persoas incluídas na bolsa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e á dispoñibilidade de financiamento dos programas, non xerando dereito ata que se produza o correspondente chamamento.

Así mesmo, a entidade poderá non efectuar chamamentos ou deixar sen efecto contratacións previstas no caso de que non exista financiamento suficiente, se produzan modificacións na subvención concedida ou concorran causas organizativas ou orzamentarias debidamente xustificadas.

2. CARACTER URXENTE DO PROCEDIMENTO

Dado o carácter excepcional e a urxente e inaprazable necesidade do presente programa selectivo, derivado da natureza deste tipo de programas que son financiados a través de ordes específicas de subvención que esixen prazos improrrogables de execución e o inicio efectivo en datas próximas (no caso do “Obradoiro de Emprego MAIV Dual 2026” a data fixada como límite de inicio na Resolución de concesión é o 1 de xuño de 2026), declárase a tramitación urxente do presente procedemento selectivo.

A urxencia vén motivada pola necesidade de asegurar a correcta execución dos programas e evitar a perda total ou parcial das subvencións concedidas, así como garantir o cumprimento dos obxectivos formativos e de inserción laboral previstos na normativa reguladora dos respectivos programas de emprego e formación.

En consecuencia, e de conformidade co disposto no artigo 33 -Tramitación de Urxencia- da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os prazos establecidos nas presentes bases axustaranse ao principio de celeridade, sen prexuízo do respecto aos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.



**EMPREGO
GALICIA**

**OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 1 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As modalidades de nomeamentos serán as previstas na lexislación vixente. A bolsa terá unha duración máxima de tres anos a contar dende o nomeamento da primeira persoa seleccionada, manténdose ata a aprobación dunha nova bolsa.

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A convocatoria rexerese polo disposto nestas bases e, no su defecto, polo disposto nas seguintes normas:

- Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Real Decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), como norma básica do procedemento administrativo.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), a súas normas básicas sobre funcionamento de órganos colexiados.
- Polo disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- El Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Pola Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.
- Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo da Dirección xeral de Formación e Cualificación para o Emprego
- Demais normativa aplicable.

O proceso rexerese polos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

4. POSTOS DE TRABALLO INCLUÍDOS NA BOLSA DE EMPREGO

Os postos de traballo/prazas que integrarán a bolsa de emprego son as seguintes:

- Experto/a docente en deseño gráfico.
- Experto/a docente en desenvolvemento local

As funcións, requisitos e características de cada posto relaciónanse no anexo I de bases específicas

5. PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras así como o resto de actuacións serán expostas ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Vigo (maiv.org), na sección “novas” da páxina de inicio e no apartado “ofertas de emprego” (<https://www.maiv.org/?sec=19>).

Ademais, publicarase un anuncio resumido ou extracto destas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO).



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 2 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O resto de anuncios referidos ao desenvolvemento do procedemento publicaranse na páxina web da Mancomunidade de Vigo (maiv.org).

A publicación de información de carácter persoal na páxina web da Mancomunidade será posible baixo a consideración de que as persoas aspirantes, ao asinar a instancia na que solicitan tomar parte no proceso, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na convocatoria. Os restantes usos dos datos persoais contidos nas solicitudes, así como todo o desenvolvemento dos procesos selectivos, será de carácter interno e uso restrinxido, de acordo coa normativa vixente en materia de protección dos datos de carácter persoal.

6. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Con carácter xeral, para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos establecidos nas bases específicas para cada posto:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TRLEBEP, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- Ter feitos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas establecidas no anexo I para ingresar na praza ou posto o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza/posto/emprego á que aspiran.
- Non estar separadas por un expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala funcional do que estivesen separadas ou inhabilitadas. No caso de ser nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin estar sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Cumprir os demais requisitos esixidos nas respectivas bases específicas para o ingreso (anexo I)
- Acreditación do coñecemento da lingua galega, nivel Celga 4. Será requisito necesario contar coa acreditación de posuír o nivel do coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou acreditación equivalente mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente. No suposto de non contar coa mesma, os/as aspirantes deberán superar un exame de galego. A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día que remate o prazo para presentar as solicitudes.



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 3 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán presentar unha instancia, segundo o modelo establecido no Anexo II que acompaña a estas bases dirixida ao Sr/a. Presidente/a da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. A instancia conterá, polo menos, os datos identificativos e persoais do/a solicitante co seu enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico e a denominación do posto convocado á que opta e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen para ser tidos en conta no concurso.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral da Mancomunidade de Vigo (presencialmente na rúa Hispanidade, nº 17 de Vigo), por rexistro electrónico, ben a través do Rexistro Electrónico Xeral do Goberno (<https://reg.redsara.es/es/>), escollendo no campo “código e nome do organismo ou entidade” a opción “L05360007 Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo”, ben a través do enlace ao dito rexistro habilitado na sede electrónica ubicada na páxina web da entidade (<https://www.maiv.org/?sec=167>) ou mediante calquera das formas establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas aspirantes que non presenten as súas solicitudes directamente ao Rexistro xeral da Mancomunidade (presencial ou electronicamente), por razóns de eficiencia e axilidade, deberán comunicalo mediante correo electrónico a info@maiv.org no mesmo día da súa presentación co fin de axilizar o proceso de selección. Achegarán a ese mesmo correo unha copia da documentación presentada, co selo ou xustificante do rexistro correspondente

O feito de presentar a solicitude de participación implica que a persoa interesada manifesta reunir todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, na data na que remate o prazo para a presentación de instancias e que acepta e acata as bases desta convocatoria para tomar parte no proceso selectivo.

A instancia acompañarase coa seguinte documentación:

- Declaración responsable de cumprir os requisitos esixidos na convocatoria (incluída no modelo de solicitude).
- Copia simple do documento nacional de identidade (DNI) ou tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Copia simple do título esixido e xustificante dos demais requisitos mínimos esixidos para cada praza.
- Informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados.
- Copia simple dos méritos alegados para o concurso. Só se terán en conta os méritos presentados coa solicitude. De non ter presentada fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado, este non se terá en conta a efectos da súa puntuación. Soamente se permite solicitar a emenda da acreditación defectuoso do mérito.
- Copia do diploma ou a validación do curso de iniciación e perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4.

Non se admitirán as fotografías da documentación, debendo presentarse as mesmas en formato .pdf no caso da presentación electrónica.



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 4 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O persoal da Mancomunidad de Vigo e o tribunal cualificador do proceso poderán, en calquera momento, requirir ás persoas interesadas que acheguen os orixinais dos documentos que presenten aos efectos de verificar a súa correspondencia coas copias achegadas.

8. PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes será de **cinco (5) días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria ou o extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

9. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Finalizado o prazo dos cinco (5) días naturais fixado para presentar as solicitudes, ditarase Resolución da no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando no seu caso os motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios da Mancomunidad de Vigo e na web da entidade (www.maiv.org), na sección “novas” da páxina de inicio e no apartado “ofertas de emprego” (<https://www.maiv.org/?sec=19>).

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de tres (3) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da Mancomunidad, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad (www.maiv.org), na sección principal de novas e no apartado “ofertas de emprego” (<https://www.maiv.org/?sec=19>).

As persoas aspirantes que non presenten as emendas directamente no Rexistro Xeral da Mancomunidad, ben presencialmente ou ben electronicamente, deberán comunicalo mediante correo electrónico (ao enderezo info@maiv.org) no mesmo día da súa presentación (e polo tanto, sempre dentro do prazo xeral de presentación de emenda) co fin de axilizar o citado proceso de selección, achegando copia da documentación presentada co selo ou xustificante do rexistro correspondente.

Unha vez finalizado o período de emenda, aprobarase mediante resolución da concelleira delegada da MAIV a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, e a designación do tribunal cualificador convocando aos seus membros para a constitución do mesmo e a posterior baremación dos méritos, mediante a publicación da devandita resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad (www.maiv.org), na sección principal de novas e no apartado “ofertas de emprego” (<https://www.maiv.org/?sec=19>).

O feito de figurar na relación de admitidos non se estima que se lle recoñeza ao interesado a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo. No caso de que, no transcurso do proceso puidese desprenderse que non posúen algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 5 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

publicación ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses dende a súa publicación.

O feito de figurar na lista definitiva de persoas aspirantes admitidas non prexulga que se lle recoñezan a posesión dos requisitos esixidos no procedemento de selección. Cando da documentación presentada polas persoas aspirantes se desprenda que non posúen algún dos requisitos, decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación neste procedemento de selección.

Toda comunicación ou publicación que sexa necesaria por parte do tribunal, farase na páxina web www.maiv.org.

10. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará integrado por cinco membros titulares, sendo a súa composición a seguinte: presidente/a, secretario/a e tres vogais. Nomearanse así mesmo cinco membros suplentes.

Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da concelleira delegada e será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad (www.maiv.org), na sección “novas” da páxina de inicio e no apartado “ofertas de emprego” (<https://www.maiv.org/?sec=19>). Todos os membros do Tribunal actuarán con voz e con voto. O secretario/a redactará a acta de cada sesión que se celebre, que deberá figurar asinada por el mesmo e polo/a presidente/a.

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.

Cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen, o tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesoras e asesores especialistas ,con voz e sen voto, que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, comunicándollo á presidencia do tribunal, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Tribunal queda vinculado ás presentes bases que rexen o proceso selectivo cuxos méritos cualificarán.

O Tribunal constituirase en sesión de constitución na data que se designe na Resolución de nomeamento ou por Resolución da concelleira delegada, no seu defecto. Para a válida constitución do Tribunal, requirirase a presenza dos titulares da Presidencia e a Secretaría ou de quen lles substitúan, e da metade polo menos, dos seus membros, de acordo co artigo 17.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os acordos serán adoptados por maioría de votos dos presentes. Todos os membros do tribunal terán voz e voto, incluído o/a secretario/a. Os empates resolveranse polo voto de calidade do/a presidente/a.



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 6 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O Tribunal actuará con plena autonomía funcional, velando pola legalidade do procedemento e sendo responsables de garantir a súa obxectividade. Resolverán todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases, e tomarán os acordos necesarios para a boa orde no desenvolvemento de cada convocatoria, establecendo os criterios que deban adoptarse en relación cos supostos non previstos nelas.

O Tribunal tomará as súas decisións por maioría simple, e de existir empate, este o dirimirá a Presidencia co seu voto de calidade.

O Tribunal continuará constituído ata que non se resolvan as reclamacións suscitadas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo. Salvo que concorran circunstancias excepcionais, que deberán quedar acreditadas no expediente, unha vez constituído o Tribunal só poderán actuar os membros presentes no acto de constitución e será suficiente coa asistencia de tres deles para a validez das sesións.

As resolucións do Tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión segundo os artigos 106, 107 e seguintes da lei 39/2015 de 1 de outubro.

11. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Con anterioridade á celebración da fase de concurso procederá ao desenvolvemento da proba de coñecemento de lingua galega aos/ás aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego ou de galego a castelán proposto polo Tribunal. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

O Tribunal determinará a data, lugar e hora da realización destas probas, que deberá publicarse no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad (www.maiv.org), na sección “novas” da páxina de inicio e no apartado “ofertas de emprego” (<https://www.maiv.org/?sec=19>). Entre a data de convocatoria da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 horas.

12. SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de CONCURSO.

A fase de concurso (**máximo 25 puntos**) consistirá na valoración dos méritos acreditados coa correspondente documentación oficial e achegados xunto coa instancia de participación no proceso selectivo.

O tribunal cualificador valorará os méritos específicos adecuados ás características das prazas convocadas, en función do baremo establecido no seguinte apartado.

13. CUALIFICACIÓN DE MÉRITOS EN FASE DE CONCURSO. BAREMO

O tribunal cualificador valorará os méritos específicos adecuados ás características das prazas convocadas, en función do seguinte baremo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 7 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Experiencia profesional (máximo 17,50 puntos)

- Experiencia profesional en prazas/postos de igual denominación e contido profesional que a convocada no marco de programas de emprego e formación (obradoiros de emprego, programas de emprego para persoas mozas) prestados na Administración Pública: **0,10 puntos/mes.**
- Experiencia profesional en prazas/postos de igual denominación e contido profesional que a convocada prestados na Administración Pública fóra dos programas de emprego e formación considerados no apartado anterior: **0,06 puntos/mes.**
- Experiencia profesional na Administración Pública en traballos e ocupacións relacionadas cos certificados de profesionalidade a impartir en prazas de igual categoría ou grupo de clasificación que a que se opta (só no caso dos expertos-docentes): **0,05 puntos/mes.**
- Experiencia profesional no sector privado en prazas/postos de igual categoría, grupo de clasificación e/ou contido profesional ao convocado; e no caso da praza de docentes, experiencia profesional en traballos e ocupacións correspondentes aos certificados de profesionalidade a impartir: **0,03 puntos/mes.**

En todo caso, deberá terse en conta que a mesma experiencia profesional non pode ser valorada en dous ou máis apartados.

Para acreditar os traballos por conta allea, presentarse certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos laborais ou nóminas onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente a ocupación ou posto desempeñado, a categoría profesional e a duración da relación laboral. Non se terán en conta documentos emitidos por empresas, entidades ou particulares que non teñan carácter oficial.

A experiencia profesional na administración pública poderá acreditarse tamén mediante certificación expedida pola administración pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

Para acreditar traballos por conta propia (traballadores autónomos), deberá presentarse certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta en actividades económicas (modelo 036/037) ou certificación censual e resolución de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, acompañados os ditos documentos oficiais de facturas ou contratos nos que consten os servizos prestados ou outra documentación que acredite a tipoloxía dos servizos realizados, en función das distintas categorías que establezan os respectivos baremos.

Só se valorará a experiencia relacionada directamente coas funcións a desenvolver no proxecto e, no caso do persoal docente, coa especialidade formativa (certificado profesional ou módulos/materias/contidos incluídos no mesmo) ou a actividade a desenvolver no proxecto formativo.

A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina.

Para acreditar traballos realizados no estranxeiro, será necesario presentar certificación oficial (se



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 8 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

fose o caso de certificacións noutro idioma, acompañada de tradución xurada) na que conste a ocupación ou profesión desempeñada, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase por meses completos de traballo, de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato.

b) Formación complementaria (máximo 7,50 puntos)

b.1. Outra titulación académica complementaria que complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver na praza ou posto de traballo a que aspira: **1 punto**.

Valoraranse as titulacións académicas oficiais sempre que sexan distintas ás esixidas como requisito para o acceso ao posto de traballo ao que se concursa e sexan de igual ou superior nivel académico, de acordo co seguinte baremo:

- a) Titulación universitaria de doutor: 1,00 puntos
- b) Titulación universitaria oficial de arquitectura, enxeñería, licenciatura ou equivalente: 0,80 puntos.
- c) Master universitario oficial: 0,70 puntos
- d) Titulación universitaria oficial de graduado: 0,60 puntos
- e) Titulación universitaria oficial de diplomatura universitaria, enxeñería técnica ou arquitectura técnica ou equivalente: 0,50 puntos
- f) Técnico superior: 0,40 puntos

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

Non se valorarán neste apartado como “outra titulación”, o título que fose necesario para a obtención do título alegado como requisito para la convocatoria nin unha titulación superior á alegada como requisito, cando a titulación presentada como requisito fose utilizada para a obtención do título universitario de nivel superior.

b.2. Cursos relacionados coas funcións propias a desenvolver na praza ou posto de traballo a que aspira, de acordo co establecido nas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego con data de sinatura de 20/04/2026. **Puntuación máxima neste apartado: 6 puntos**

A formación acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inescusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de realización e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica e selo da entidade. Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non apareza de forma clara e inequívoca o número de horas.

Non se terán en conta as asignaturas ou materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas, incluídos os master oficiais e master e cursos impartidos polas Universidades baixo a denominación de títulos propios, os de doutorado e os derivados de procesos selectivos.



**EMPREGO
GALICIA**

**OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 9 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Unicamente se valorarán aqueles cursos de formación impartidos por Administracións Públicas, Universidades públicas, pola Escola Galega de Administración Pública, polo Instituto Nacional de Administración Pública, por outros institutos das Administracións Públicas ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas ou da Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), que deberán ter relación directa coas funcións a desenvolver polas persoas que resulten seleccionadas para as prazas obxecto destas bases, segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 49 horas: 0,10 puntos
- Cursos de 50 horas a 99 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 100 horas: 0,50 punto.

Os cursos cunha duración inferior a 20 horas non serán obxecto de valoración. No caso de que no documento aparezan créditos, será necesario presentar a validación en horas. A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de valoración. Tampouco se terá en conta a formación acreditada como requisito de acceso a titulacións que xa se valoran noutros apartados.

No caso de acreditar varios cursos de materias ou contidos similares, só se valorará o que sexa máis favorable para a persoa aspirante. No caso dos cursos de prevención de riscos laborais, só se valorará o superior alegado. Non se valorarán por separado módulos ou unidades integrantes dun título.

b.3. Outra formación en idioma galego (máximo 0,50 puntos)

En función do interese para o desempeño das funcións da praza/emprego convocado ademais poderán puntuarse os seguintes cursos ou titulacións:

- Curso medio de linguaxe Administrativa ou xurídica galega: 0,25 puntos.
- Curso superior de linguaxe Administrativa ou xurídica galega: 0,50 puntos.
- Celga 5 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Ciclo superior de estudos de galego das Escolas Oficias de idiomas: 0,50 puntos
- Licenciatura/grao de Filoloxía galega e Filoloxía hispánica, subsección de galego-portugués: 0,50 puntos.

Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións puntuándose, en consecuencia, unicamente un deles.

Só se lle concederá validez, para acreditar o idioma galego, aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación.

Neste apartado non se valorará como mérito o nivel de galego esixido nas bases específicas da praza/emprego que se convoque.

13. CRITERIOS DE DESEMPATE

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas no concurso de méritos, rexerán os seguintes criterios por orde de prelación, establecidos nas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego con data de sinatura de 20/04/2026:



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 10 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- a) O maior tempo acreditado en desemprego, no momento da presentación de solicitudes.
- b) Ter completado na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados polas consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- c) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d) A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e) A puntuación correspondente ás titulacións académicas complementarias.
- f) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h) O de maior idade

14. PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS, CONSTITUCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN

Rematado o proceso de cualificación e aplicados os criterios de desempate, o Tribunal fará públicas as puntuacións obtidas na fase de concurso, ordenada de maior a menor puntuación, concedéndose un prazo de tres (3) días naturais para, no seu caso, formular alegacións.

En ningún caso poderá admitirse como subsanación a presentación de novos documentos non achegados no prazo de presentación de instancias, podendo soamente ser subsanados, aclarados ou completados os xa achegados.

De non presentarse alegacións, as puntuacións e a proposta quedarán elevadas a definitivas. No caso de que se presenten alegacións, o Tribunal procederá a resolvelas, confeccionando as correspondentes listas ordenadas, de maior a menor puntuación segundo a baremación obtida polas persoas candidatas e aplicando os criterios de desempate, de ser o caso, e que servirán para efectuar o nomeamento/contratación das persoas aspirantes.

A bolsa de traballo usarase sempre tendo en conta a orden da puntuación obtida no proceso selectivo (concurso) e os criterios de desempate fixados nestas bases. Os nomeamentos ou contratacións faranse no momento no que se produza a necesidade de cobertura temporal prevista nestas bases.

Calquera integrante da lista de emprego definitiva firme poderá darse de baixa en calquera momento antes de ser requirido para un nomeamento, bastando para elo que o comunique por escrito presentándoo no Rexistro Xeral da Mancomunidade de Vigo ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando as características das necesidades a cubrir con esta lista de emprego temporal, na que poden concorrer circunstancias de inminencia e imprevisibilidade, o ofrecemento realizarase por un máximo de tres chamadas ao teléfono facilitado en intervalos de 1 hora, remitindo conxuntamente un correo electrónico á persoa interesada. Ante a imposibilidade de contactar, ou que o/a interesado/a non se poña en contacto co Concello nun máximo de seis horas dende a hora de envío do correo electrónico, entenderase que se rexeita o ofrecemento e pasarase a seguinte persoa da lista en disposición de incorporarse e así sucesivamente. As persoas aspirantes poderán actualizar os seus datos de contacto durante a vixencia da lista.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 11 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Unha vez contactada, a persoa sexa proposta para nomeamento ou contratación achegará dentro do prazo de 24 horas un escrito de aceptación ou renuncia á praza (segundo modelo que se incorpora a estas bases como anexo IV). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, entenderase que renuncia á mesma, que pasará a adxudicarse ao/á seguinte candidato/a da lista con maior puntuación, tendo igualmente a obrigaçión de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza , e así sucesivamente.

Por outra banda, tal como establecen as Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego con data de sinatura de 20/04/2026, a contratación ou chamamento non se poderá facer efectiva en tanto as persoas seleccionadas non sexan validadas polo persoal técnico do departamento territorial, con independencia do sistema de selección empregado. En consecuencia, unha vez elaborada a lista para contratacións/nomeamentos e no momento que xurda a necesidade de utilizala para facer o chamamento do/a candidata a contratar para o proxecto, a entidade promotora (neste caso, a Mancomunidade de Vigo) remitiralle toda a información ao Departamento territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que deberá verificar que dito/a candidato/a cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se o Departamento Territorial considera que a persoa proposta non cumpre os requisitos esixidos para a súa participación no proxecto, a Mancomunidade de Vigo pasará á seguinte persoa candidata da listaxe de reserva, repetindo o proceso anterior e así, sucesivamente.

Xunto coa aceptación da praza, deberán presentar, con carácter previo á súa contratación ou nomeamento, a documentación orixinal correspondente aos requisitos mínimos requiridos para a praza e aos méritos valorados na fase de baremación, para a súa verificación e/ou cotexo, así como a copia da tarxeta sanitaria ou da seguridade social e certificación e titularidade de conta bancaria, de non telos achegado previamente.

O nomeamento ou contratación que, conforme ao procedemento sinalado nestas normas, sexa designado para desempeñar un posto de traballo temporal con vinculación administrativa, realizarse mediante Resolución da concelleira delegada, formalizándose na resolución administrativa que proceda. As modalidades de contratación e nomeamento de persoal será calquera de carácter temporal que estableza a lexislación vixente. As persoas aspirantes nomeadas cesarán polas causas legalmente establecidas.

A resolución dos nomeamentos ou contratacións estará supeditada ao outorgamento a esta Mancomunidade das subvencións da Consellería de Emprego para o desenvolvemento de obradoiros de emprego e/ou programas de emprego para persoas mozas que inclúan as especialidades e requirimentos de persoal que motivan o presente proceso selectivo; non sendo ditada ata que se produza a referida circunstancia. Igualmente, estará supeditada á validación das persoas candidatas a contratación/nomeamento por parte do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, segundo o establecido neste mesmo punto das bases.

As persoas que estando nomeadas en virtude desta lista cesaran por motivos disciplinarios, causarán baixa na mesma. De igual forma se actuará no suposto de cese voluntario.


**EMPREGO
GALICIA**
**OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA**


Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 12 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



15. INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ao amparo da lexislación vixente.

16. RECURSOS

Contra a aprobación das presentes bases caberá a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende o día seguinte a publicación das mesmas na páxina web da Mancomunidad de Vigo (www.maiv.org) ou directamente recurso contencioso-administrativo ante sección do contencioso-administrativo do Tribunal de instancia de Vigo no prazo de dous meses.

Contra a Resolución da concelleira delegada da MAIV aprobatoria das listas definitivas, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo organo que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante sección do contencioso-administrativo do Tribunal de instancia de Vigo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Contra a decisión adoptada polo Tribunal de selección aprobando a lista definitiva de puntuacións caberá a interposición de recurso de alzada ante a Concelleira delegada da MAIV (segundo Resolución de delegación de atribucións da Presidencia publicada no BOP núm. 149 de data 3 de agosto de 2023), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de instancia de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 13 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I BASES ESPECÍFICAS

1. PRAZA / POSTO DE TRABALLO: EXPERTO DOCENTE EN DISEÑO GRÁFICO

1.1. Categoría / grupo profesional:

Grupo A2 - Grupo profesional 2

1.2. Xornada:

Completa

1.3. Retribucións brutas:

A retribución bruta será de 26.956,94 euros/ano, incluídos todos os conceptos salariais.

1.4. Requisitos específicos para o posto:

En base ao establecido no artigo 168 do RD 659/2023, do 18 de xullo e as súas modificacións posteriores introducidas polo Real Decreto 658/2024 do 9 de xullo de 2024, ademais dos requisitos establecidos no apartado 6 da parte xeral destas bases, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título do grao universitario, licenciado ou licenciada en Deseño gráfico, Belas Artes, Comunicación ou outras titulacións universitarias que incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados coa formación a impartir no certificado profesional de *Deseño de Produtos Gráficos* (ARGG0110).
- Demostrar unha experiencia profesional mínima de dous (2) anos en traballos relacionados coa especialidade formativa respectiva (deseño gráfico), á marxe de labores puramente docentes.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no certificado de vida laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, no caso de requirirse dous anos de experiencia para o posto, este período de ser a xornada completa.

Para acreditar os traballos por conta allea, presentarase certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos laborais ou nóminas onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente a ocupación ou posto desempeñado, a categoría profesional e a duración da relación laboral. Non se terán en conta documentos emitidos por empresas, entidades ou particulares que non teñan carácter oficial.

A experiencia profesional na administración pública poderá acreditarse tamén mediante certificación expedida pola administración pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

- Acreditar competencia docente: dispoñer do Certificado profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional ou titulacións equivalentes



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 14 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

(máster do profesorado, Certificado de Aptitude Pedagóxica, titulación universitaria en pedagogía, psicopedagogía, maxisterio), segundo o establecido na nova redacción dos apartados 1 e 5 do artigo 168 do RD 659/2023 polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (apartado quince do Real Decreto 658/2024, de 9 de xullo que modifica o rd 659/2023).

1.5. Funcións a desenvolver:

- Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- Organizar os traballos a realizar polo alumnado traballador, cumprindo os obxectivos marcados pola entidade promotora.
- Xestionar os equipos de traballo no seu traballo diario, asignando tarefas e recursos.
- Apoiar, incentivar e motivar ao alumnado traballador para que se sintan comprometidos co proxecto e cos obxectivos do mesmo.
- Responsabilizaranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

2. PRAZA / POSTO DE TRABALLO: EXPERTO DOCENTE EN DESENVOLVEMENTO LOCAL

2.1. Categoría / grupo profesional:

Grupo A2 - Grupo profesional 2

2.2. Xornada:

Completa

2.3. Retribucións brutas anuais:

A retribución bruta será de 26.956,94 euros/ano, incluídos todos os conceptos salariais.

2.4. Requisitos específicos para o posto:

En base ao establecido no artigo 168 do RD 659/2023, do 18 de xullo e as súas modificacións posteriores introducidas polo Real Decreto 658/2024 do 9 de xullo de 2024, ademais dos requisitos establecidos no apartado 6 da parte xeral destas bases, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título do grao universitario, licenciado ou licenciada en Administración e dirección de empresas (ADE), Ciencias Empresariais, Economía, Dereito ou outras titulacións universitarias que incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados coa formación a impartir no certificado profesional de *Creación e xestión de microempresas* (ADGD0210).



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 15 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Demostrar unha experiencia profesional mínima de dous (2) anos en traballos relacionados coa especialidade formativa respectiva (desenvolvemento local / creación de empresas), á marxe de labores puramente docentes.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no certificado de vida laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, no caso de requirirse dous anos de experiencia para o posto, este período de ser a xornada completa.

Para acreditar os traballos por conta allea, presentárase certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos laborais ou nóminas onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente a ocupación ou posto desempeñado, a categoría profesional e a duración da relación laboral. Non se terán en conta documentos emitidos por empresas, entidades ou particulares que non teñan carácter oficial.

A experiencia profesional na administración pública poderá acreditarse tamén mediante certificación expedida pola administración pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

- Acreditar competencia docente: dispoñer do Certificado profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional ou titulacións equivalentes (máster do profesorado, Certificado de Aptitude Pedagóxica, titulación universitaria en pedagogía, psicopedagogía, maxisterio), segundo o establecido na nova redacción dos apartados 1 e 5 do artigo 168 do RD 659/2023 polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (apartado quince do Real Decreto 658/2024, de 9 de xullo que modifica o rd 659/2023).

2.5. Funcións a desenvolver:

- Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- Organizar os traballos a realizar polo alumnado traballador, cumprindo os obxectivos marcados pola entidade promotora.
- Xestionar os equipos de traballo no seu traballo diario, asignando tarefas e recursos.
- Apoiar, incentivar e motivar ao alumnado traballador para que se sintan comprometidos co proxecto e cos obxectivos do mesmo.
- Responsabilizaranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.



EMPREGO
GALICIA

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 16 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



ANEXO II SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos			
DNI / NIE		Data nacemento	
Enderezo			
Concello		CP	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
Correo electrónico			

O/A CANDIDATO/A, cuxos datos constan no apartado anterior, **SOLICITA** ser admitido/a no proceso selectivo para a **CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DESTINADA A CUBRIR NECESIDADES DE PERSOAL NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS E PROGRAMAS DE EMPREGO E FORMACIÓN (OBRADOIROS DE EMPREGO E PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS)**, para o posto de

.....

e DECLARA:

- Que coñezo e acepto integramente o contido das bases reguladoras desta convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade dos datos recollidos nesta instancia e resto da documentación que achego.
- Que non padezo ningunha enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que ipida o normal desenvolvemento das tarefas propias do posto.
- Que me comprometo a achegar os documentos acreditativos que se me requiran.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Fotocopia do DNI/NI
- Copia da titulación académica requirida
- Acreditación da experiencia mínima / capacitación docente requirida.
- Copia do CELGA 4 ou equivalente
- Relación de méritos e documentación xustificativa de cada un deles.

Vigo, dede 2026

Sinatura:

INFORMACIÓN ADICIONAL RELATIVA AO TRATAMENTO E PROTECCIÓN DE DATOS (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS)

Responsable do Tratamento: Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo

En cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXP, informámoslle que os seus datos, serán tratados co único fin da xestionar a súa participación no proceso de selección e avaliar o seu perfil para o posto ofertado e xestionar as probas necesarias. Poderá exercer os dereitos que establece o RXP dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en avda. Hispanidade, n.º 17 – 36203 Vigo (Pontevedra) ou vía mail ao lopd@maiv.org, e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique. Ao encher este formulario, vostede confirma ter lido esta información e consinte o tratamento dos datos cos fins descritos.



**EMPREGO
GALICIA**

**OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 17 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJZ-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



ANEXO III RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E MÉRITOS QUE ACHEGA

FORMACIÓN ACADÉMICA OU REGRADA ESIXIDA NA CONVOCATORIA

TITULACIÓN E ESPECIALIDADE	DATA TITULO	

XUSTIFICACIÓN DA COMPETENCIA DOCENTE ESIXIDA NA CONVOCATORIA

TITULO	DATA TITULO	

A. EXPERIENCIA PROFESIONAL

En prazas/postos de igual denominación e/ou contido profesional no marco de programas de emprego e formación (obradoiros de emprego e programas de emprego para persoas mozas) prestados nas AAPP:

ENTIDADE / PROGRAMA OU OBRADOIRO	POSTO	DATAS INICIO-FIN	

En prazas/postos de igual denominación e/ou contido profesional prestados nas AAPP, distintas das anteriores:

ENTIDADE	POSTO	DATAS INICIO-FIN	





MAIV
 MANCOMUNIDADE
 DA ÁREA
 INTERMUNICIPAL DE VIGO

B.3. Formación en idioma galego (homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística)

CURSO / DIPLOMA / NIVEL	CENTRO	DATA	

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.
 Data e sinatura:



**EMPREGO
 GALICIA**

**OBRADOIROS DE
 EMPREGO DE GALICIA**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 20 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

ANEXO III
ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

Nome e apelidos	
DNI / NIE	
Teléfono/s de contacto	
Correo electrónico	

Como persoa integrante da **BOLSA DE EMPREGO DESTINADA A CUBRIR NECESIDADES DE PERSOAL DOCENTE NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS E PROGRAMAS DE EMPREGO E FORMACIÓN (OBRADOIROS DE EMPREGO E PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS)** na praza/categoría de

.....

- ACEPTO A PRAZA para a que fun chamado
- RENUNCIO Á PRAZA para a que fun chamado

tal como establece a base décimo cuarta das bases do proceso de selección.

En Vigo , a _____ de _____ de 2026

Sinatura:



**EMPREGO
GALICIA**

**OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2026 13:11	Páxina 21 de 21
630-14	CSV: A2BHBB-A45CA5-3CB154-J3QJ2Z-BQ7M39-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		